

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade

Traballo de Fin de Mestrado

**Poesía e intervención política no acontecemento histórico do
Prestige: participantes, repertorios temáticos e funcións das
antoloxías *Alma de beiramar* e *Negra sombra*.**

Noelia Carreira Bocelo

2019/2020

Director: Isaac Lourido Hermida

Índice

Resumo.....	3
Introdución.....	5
1. Encadramento histórico e sociocultural.....	9
1.1. O naufraxio do <i>Prestige</i> como acontecemento histórico.....	9
1.2. Mobilización cultural: Plataforma Nunca Máis e Burla Negra.....	11
2. Estado da cuestión.....	16
2.1. O subsistema da poesía galega nos primeiros anos do século XXI.....	16
2.2. A influencia do <i>Prestige</i> na creación literaria: o caso da produción poética.....	19
3. Estudo empírico e análise das antoloxías <i>Alma de beiramar</i> e <i>Negra sombra</i>	24
3.1. Metodoloxía: Presentación e descrición xeral da base de datos.....	25
3.2. Caracterización e análise dos participantes.....	32
3.2.1. Xénero.....	32
3.2.2. Ano de nacemento.....	33
3.2.3. Nivel de consagración.....	34
3.3. Descrición e análise dos repertorios temáticos.....	37
3.3.1. Macrorepertorios.....	37
3.3.2. Repertorios principais.....	38
3.3.3. Repertorios secundarios.....	41
3.3.4. Análise de repertorios en varios poemas.....	43
4. Conclusións.....	47
Referencias bibliográficas.....	51
Anexo: Táboa de autores e nivel de consagración.....	55

Resumo

Neste traballo analizamos a poesía galega nos primeiros anos do século XXI, concretamente os participantes, repertorios temáticos e funcións das antoloxías *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da Marea Negra* (2003) e *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003), escolmas creadas a raíz do afundimento do buque petroleiro *Prestige* en novembro de 2002. O obxectivo principal é estudar a organización e a función que desenvolveron estas dúas obras no contexto da mobilización social e cultural do Movemento Nunca Máis. Relacionados con este obxectivo principal temos outros tres máis específicos: 1) Esclarecer que autores e autoras participan nestas escolmas, prestando especial atención ás idades ou xeracións ás que pertencen e ao seu nivel de consagración dentro do campo literario galego en 2003. 2) Coñecer os repertorios temáticos dos textos recopilados. 3) Crear e avaliar metodoloxías de traballo empírico para o estudo da consagración autorial, o funcionamento de repertorios poéticos en procesos de mobilización social e para contrastar os resultados con estudos críticos precedentes.

En relación coas metodoloxías usadas, para abstraer unha primeira lista de posíbeis repertorios temáticos e niveis de consagración dos poetas incluídos nestas escolmas, recorreremos a fontes bibliográficas (artigos, historias da literatura etc.) que resumen e analizan a produción poética galega a comezos do século XXI e posterior ao desastre ecolóxico do *Prestige* e que nos permiten xerar unha serie de hipóteses iniciais que contrastaremos ao longo do traballo.

Como principal ferramenta metodolóxica para a realización desta análise elaboramos unha base de datos, formada por tres follas: unha primeira que recolle cada unha das achegas independentemente do xénero literario (poesía, narrativa e ensaio) xunto á información do autor/a e, no caso dos poemas, os repertorios temáticos principais e secundarios; unha

segunda páxina na que figuran os macrorepertorios e os repertorios concretos dentro dos que clasificamos os poemas das dúas antoloxías; e unha última táboa na que avaliamos o nivel de consagración de todos os escritores e escritoras que participan nestas escolmas con textos poéticos.

Entre as conclusións máis importantes podemos destacar que o acontecemento histórico do *Prestige* condiciona a configuración das antoloxías e a súa función, aproximando as composicións á loita social, identitaria, ecolóxica e nacional e convertendo estes volumes nunha recompilación aberta non sometida aos criterios de selección crítica na que atopamos escritores e escritoras de todo tipo, de diferentes idades, que escriben en diversos xéneros literarios e de diferentes niveis de consagración. Máis concretamente, predomina a presenza de poemas creados por persoas de medio ou nulo recoñecemento. En canto aos macrorepertorios, determinamos que os grupos temáticos máis frecuentes son o propio suceso do *Prestige*, todo o que provocou, a reivindicación, a natureza e destacamos a relativa importancia dos repertorios da “experiencia” como repertorio secundario. Mentres que hai unha escasa presenza de repertorios como “sectores produtivos” ou “Galicia”.

Finalmente, cómpre comentar que foi preciso crear metodoloxías de traballo empírico empregadas para o estudo da consagración autorial nestas antoloxías, para analizar o funcionamento de repertorios poéticos e tamén para contrastar os resultados con estudos críticos precedentes, é dicir, deseñar como ferramenta a xa mencionada base de datos que ademais pode servir para futuros estudos relacionados con este campo. O traballo remata cunha breve valorización da experiencia formativa deste traballo en canto a coñecemento do estado da cuestión sobre a poesía galega e o activismo social a inicios do século XXI e a aprendizaxe de novas metodoloxías, ferramentas e procesos de análise.

Introdución

Neste traballo preténdese realizar unha análise pormenorizada de dúas antoloxías poéticas creadas a raíz do afundimento do buque petroleiro *Prestige: Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da Marea Negra* (2003) e *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003). Para ser un pouco máis concretos, podemos determinar que o obxectivo principal é estudar a organización e a función que desenvolveron estas dúas antoloxías poéticas dentro do proceso de mobilización social e cultural do Movemento Nunca Máis. O motivo da escolla destes dous volumes é que son os que mellor representan o panorama poético galego durante os anos posteriores a este suceso (2002 e 2003). Malia isto, non podemos ignorar a presenza doutras antoloxías como *Botella ao mar*¹ (2003) que destaca por combinar a produción literaria coas artes visuais, o volume catalá *Nunca Máis/Mai Més. Els escriptors contra el silenci* (2003) e *Sempre Mar. Cultura contra a burla negra* (2003), dos que falaremos un pouco máis detalladamente nas próximas páxinas.

Subordinados a este obxectivo principal, podemos colocar varios obxectivos específicos que ocuparán o corpo deste documento. O primeiro deles é esclarecer que autores e autoras participan nestas escolmas, prestando especial atención ás idades ou xeracións ás que pertencen e ao seu nivel de consagración dentro do campo literario galego en 2003. En relación a este obxectivo, podemos perfilar como hipótese de partida que, aparentemente, dadas as características xerais da mobilización do Nunca Máis, nestes volumes participan escritores e escritoras de diversas idades, xeracións e niveis de consagracións, chegando

1 Neste traballo tiña a intención de analizar tamén as antoloxías *Sempre Mar: Cultura contra a burla negra* (2003) e *Botella ao mar* (2003) mais, non foi posíbel debido ás limitacións de acceso a bibliotecas impostas pola crise sanitaria da Covid-19, dado que se trata, ademais, de obras non dispoñíbeis na biblioteca da Universidade da Coruña.

incluso a predominar a presenza de textos creados por persoas de escaso ou nulo recoñecemento. Tendo isto en conta, paga a pena falar brevemente sobre o que supuxo esta colaboración para estas persoas pouco coñecidas dentro do mundo literario naquela época (2002-2003), xa que o colocar os seus escritos entre outros de autores moito máis coñecidos e venerados puido resultar de grande axuda para abrirse paso e darse a coñecer neste mundo.

Como segundo obxectivo, interéсанos coñecer que tipo de repertorios temáticos podemos atopar nos textos recopilados, especialmente nos poéticos. Dando unha primeira vista de ollos a estes volumes e coñecendo cales foron os aspectos dos que máis se falou durante a xa coñecida crise do *Prestige*, a nosa hipótese inicial é que predominen os escritos cunha intención crítica ou ideolóxica. Isto é, achegas que traten temas políticos ou ecolóxicos, sobre o propio afundimento do petroleiro, a marea negra e, obviamente, o propio Movemento Nunca Máis que foi o que impulsou a creación destas antoloxías.

Co fin de resolver os puntos anteriores e obter datos máis verídicos e concretos, elaboraremos unha base de datos da que se falará detalladamente máis adiante. Isto lévanos a un terceiro obxectivo que sería a creación e avaliación de metodoloxías de traballo empírico para o estudo da xa citada participación e consagración autorial nestas dúas antoloxías; o funcionamento de repertorios poéticos en procesos de mobilización social como é o caso dos movementos e plataformas creadas a raíz do suceso do buque petroleiro *Prestige*; e tamén para contrastar os resultados con estudos críticos precedentes. Mediante este labor, poderemos determinar se estas metodoloxías sustentan un coñecemento máis sistemático e fiábel que permita superar o mero impresionismo e observar se efectivamente as hipóteses iniciais se cumpren.

Canto á metodoloxía e ás ferramentas empregadas para a realización deste traballo cómpre destacar, en primeiro lugar, o uso da teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar (1990), na

cal se analizan os conxuntos de relacións entre as áreas da lingua, a literatura, a sociedade e a cultura. Esta teoría permítenos facer unha análise das traxectorias dos autores/as cunha visión máis completa da literatura, non só reducida ás obras, senón que tamén inclúe outras practicas como a súa participación en diversas plataformas culturais de tipo ecoloxista (Nunca Máis, Burla Negra etc.). Even-Zohar distingue seis factores para este estudo máis amplo da literatura: produtores, consumidores, produto, mercado, institución e repertorio. Neste traballo será clave a idea de repertorio como conxunto de materiais e normas que organizan a produción e o consumo literario. Na teoría dos polisistemas tamén é fundamental a atención prestada ás xerarquías e relacións de poder, o que nos permite clasificar os escritores segundo a súa posición no sistema literario, podendo pertencer ou ben á periferia ou estar situados nunha posición máis central, é dicir, ter maior consagración e recoñecemento dentro do sistema. Neste traballo, como falaremos máis adiante, clasificaremos os escritores/as en catro grupos segundo o seu nivel de recoñecemento: alto, medio, baixo e nulo.

Ademais da revisión dos materiais críticos precedentes elaboramos, como ferramenta, unha base de datos co fin de ter unha visión máis detallada do conxunto de autores/as e textos presentes nas dúas antoloxías estudadas que alén de ser un recurso indispensábel para a redacción deste traballo, pode servir como unha base estábel que posibilite un maior apoio a futuros estudos relacionados co movemento Nunca Máis, o suceso do *Prestige*, algún autor concreto ou incluso en xeral coa literatura galega de inicios do século XXI. Para facilitar a lectura e comprensión do traballo, disponibilizamos o acceso íntegro á base de datos elaborada, que pode ser consultada nesta ligazón:

https://udcgal-my.sharepoint.com/:x:/g/personal/noelia_carreira_bocelo_udc_es/EQIZwNc8_tVGtm75Kd6HUxwB5-sYfiUIsmo5qS2W90wgoQ?e=Za2YCL

Finalmente, cómpre indicar que a estrutura deste traballo está dividida en catro partes. A primeira será un estado da cuestión formada por unha síntese dos sucesos históricos que tiveron lugar en novembro do 2002, é dicir, cando aconteceu o afundimento do *Prestige*. Neste capítulo recollerase tamén información sobre a mobilización cultural derivada deste suceso, prestando especial atención ás plataformas Nunca Máis e Burla Negra. Na segunda parte, resumiremos brevemente cal era a situación do subsistema da poesía galega nos primeiros anos do século XXI para rematar falando sobre a influencia do *Prestige* na creación literaria e a produción poética posterior ao afundimento deste buque petroleiro. O terceiro punto é o máis relevante, consistirá na descrición e análise dos datos sistematizados na base de datos creada previamente. Por último, na conclusión, recapitularase brevemente o contido do traballo á vez que comparamos as hipóteses formuladas nesta introdución cos resultados obtidos despois de contrastar e analizar os datos recompilados.

1. Encadramento histórico e sociocultural

1.1. O naufraxio do *Prestige* como acontecemento histórico

Ás 15:15 do mércores 13 de novembro de 2002, o barco petroleiro *Prestige* envía unha chamada de socorro a 50 quilómetros de Fisterra. Así comezaría a maior catástrofe ecolóxica da historia de Galicia e a terceira máis custosa da historia mundial, xusto por debaixo da desintegración do Columbia ou do pavoroso accidente nuclear de Chernobyl (Segunda 2013).

O capitán Apostolos Mangouras alertara de que un golpe abriera unha gran vía de auga en dous tanques baleiros de estribor e que presentaba unha escora de aproximadamente 25 graos.

Unha hora despois do S.O.S. dous helicópteros evacúan ás cidades de Vigo e A Coruña a tripulación a excepción de Mangouras, o xefe de máquinas e o primeiro oficial. Tan só fixeron falta unhas horas para que o *Prestige* comezase a expulsar parte das 77.000 toneladas

(valoradas en 60 millóns de euros) de fuel oil M-100. Ao final do día, o barco xa perdera 6.000 toneladas de fuel e a mancha xa era de 10 quilómetros de longo e 300 metros de ancho.

Esa noite, o Goberno central afirma que o petroleiro será afastado a 120 millas da costa, o

entón delegado do Goberno, Arsenio Fernández de Mesa, afirma que “las mareas alejarán el petróleo lejos de nuestras costas” e o ministro de Agricultura daquela época, Miguel Arias

Cañete di que “la rápida intervención de las autoridades españolas, alejando el barco de la costa, hace que no temamos una catástrofe ecológica” (Ventoso 2002: 7-8).

Non obstante, ao día seguinte, o *Prestige* aparece a catro millas de Muxía e é plenamente

visíbel dende a costa. As autoridades seguen afirmando que as correntes do mar farán que a mancha se desprace ao noroeste, cara ao Reino Unido. O ferrolán Arsenio Fernández de Mesa

comunica que o *Prestige* non tocará porto español. As seguintes horas veñen acompañadas de boas noticias que din que tras enganchar o barco o problema está case solucionado e será

posíbel evitar, coa axuda de barreiras, que a mancha chegue á costa.

Ao día seguinte, venres 15 de novembro, as malas noticias volven encher os titulares dos xornais, a situación do petroleiro non é a prevista, o capitán é detido por desobediencia e delito ecolóxico e fálase dunha greta de 40 metros no casco que pode facer que o petroleiro parta pola metade. A resposta do goberno é prometer que os mariñeiros terán cuberta calquera paralización da súa actividade. Mais as consecuencias ecolóxicas comezan a facerse presentes coa aparición das primeiras aves manchadas de fuel e a presenza da mancha a tan só cinco quilómetros das Illas Sisargas e a 11 quilómetros do Roncudo, ambos lugares de grande valor ornitolóxico. Non será preciso agardar máis dun día para que a temíbel mancha negra chegue a terra e contamine 190 quilómetros de costa entre Fisterra e Mera, onde quedará prohibido o marisqueo e as actividades pesqueiras, condenando 2.500 barcos ao paro.

Unha semana despois do terríbel suceso, o *Prestige*, con aínda 66.000 toneladas de fuel, parte a 260 quilómetros das Illas Cíes despois de recorrer 243 millas. A rotura ameaza con xerar unha nova mancha de 5.000 toneladas. Unha vez afundido, con aínda varios tanques de fuel no seu interior, comezan a xerarse teorías sobre o que pode suceder con este combustíbel: o Goberno afirma que este se solidificará a causa da baixa temperatura, mentres que expertos técnicos temen que os contedores estalen pola presión e liberen o material restante. Foron precisos sete días e 12.000 toneladas de fuel liberadas no mar galego para que o Goberno da Xunta se dese de conta da gravidade desta traxedia.

A marea de problemas e desgrazas que viñeron despois desencadeou nunha revolución cultural e ecolóxica de protesta que deu lugar a múltiples creacións literarias das cales falaremos neste traballo, centrándonos concretamente no xénero poético.

1.2. Mobilización cultural: Plataforma Nunca Más e Burla Negra

Segundo a análise de Arturo Casas, en termos históricos e sociopolíticos podemos situar nos meses finais de 2002 un cambio de rumbo cunha posíbel incidencia na concepción sobre o lugar social e a función política do discurso poético. A crise orixinada polo afundimento do buque *Prestige* e pola deficiente intervención das autoridades galegas e españolas nese momento e nos meses posteriores influíu nas elites culturais, malia o control informativo a través dos medios de comunicación ligados ao poder político².

O protagonismo que o amplo e plural mundo da cultura mantivo nas mobilizacións correlativas propiciou sen dúbida un ambiente e unha disposición novos, palpábeis para empezar no número de iniciativas desenvolvidas en moi numerosas cidades e vilas do país, no éxito da súa proxección pública e nunha non tan tímida nin tan restrinxida reaparición da figura do intelectual (Casas 2003: 25).

A maior catástrofe ecolóxica da historia de Galicia xerou unha resposta social e cultural coa creación de colectivos, plataformas e obras centradas neste tema co propósito de transmitir opinións e documentar este acontecemento. As dúas plataformas de tipo ecoloxista máis salientables foron o Nunca Más e a Burla Negra.

O 21 de novembro de 2002 créase o Nunca Más, “una plataforma ciudadana y movimiento popular constituido para reclamar responsabilidades medioambientales, judiciales y políticas por el desastre del petrolero” (Linheira 2018: 62). O xornal *El País* afirmou que “Anxo Quintana, número dos del BNG en aquel momento, propone recuperar el lema Nunca Más

² O que na opinión de Arturo Casas sería un dos maiores e máis persistentes escándalos do periódico histórico contemplado.

que había canalizado ya las protestas tras el accidente de otro petrolero, el *Mar Egeo*, en 1990” (Huete 2017).

Foi de grande axuda para a creación do Nunca Máis a cobertura inicial dada polo Bloque Nacionalista Galego (BNG), o cal serviu como identificación legal para a realización de diversos aspectos desta mobilización ata que esta logrou adquirir unha personalidade xurídica propia (Diz e Lois 2005). Cabe destacar que algunhas das reivindicacións máis sonadas da plataforma Nunca Máis, como a defensa dos intereses de Galicia, coinciden co discurso do BNG que naqueles anos é “un actor privilegiado debido a su capacidad de organización y movilización utilizando su red de agrupaciones nacionalistas” (Diz e Lois 2005:268). Esta beneficiosa unión serviu tamén como estratexia do goberno da Xunta para desprestixiar os labores da plataforma, asegurando que estaba vinculada co nacionalismo e manipulada polo BNG, como explican Diz Otero e Lois González.

Como xa se mencionou previamente, a plataforma xurdiu como reacción popular contra a xestión da catástrofe e integraba diferentes agrupacións, asociacións, sociedades, federacións, coordinadoras, confrarías, clubs, colectivos e outras plataformas. Poderíamos afirmar que o que fixo do Nunca Máis unha auténtica revolución cultural foi a forte unión da cooperación, a ecoloxía e a protesta, sempre tendo como epicentro Galicia.

O mais relevante deste caso é que, apesar da hegemonia política do movemento, a comparecência e funcionalidade de intelectuais e poetas, enquanto notáveis, foi uma das matrizes constitutivas do Nunca Mais e da narrativa que o movemento legou para a história. [...] A hegemonia da esquerda nacionalista nos setores intelectuais da Galiza favoreceu no caso do movemento Nunca Mais uma incorporação praticamente imediata ao movemento e uma capacidade de

adaptación às súas prácticas e repertorios, moitas veces formulados en torno da idea da emerxencia e da dignidade nacionais (Lourido s/d: 16).

Este movemento logra impoñer unha determinada hexemonía nas lóxicas e nos repertorios con que os persoeiros ligados ao mundo da cultura achegan os seus capitais sociais e culturais ao servizo deste movemento. É evidente que a intelectualidade galega tiña unha grande responsabilidade dentro do ámbito da palabra pública debido á integración das prácticas literarias no proceso deste movemento social.

A presenza de poetas neste colectivo deu lugar á organización de recitais poéticos en que atopamos unha proporcional presenza de autores recoñecidos e de artistas máis “locais” ou cun grao de consagración menor, ao igual que sucede nas antoloxías publicadas na época das que falaremos neste traballo. Tres das voces máis sonadas e representantes deste movemento cultural foron os escritores Suso de Toro e Manuel Rivas, que contaban cun alto grao de consagración dentro do campo literario (tanto galego como español) xa naquela altura; e a cantora Uxía Senlle.

Un grande apoio para o movemento Nunca Máis foi a axuda do sector cultural galego a través da Plataforma contra a Burla Negra³, creada o 25 de novembro do 2002, en Santiago de Compostela, e cuxo nome foi proposto polo actor Miguel de Lira coa intención de aludir ao que dende o primeiro momento foi considerada unha burla ao pobo galego por parte das autoridades e tamén para homenaxear o barco do pirata pontevedrés Benito Soto, cuxa vida fora abordada pola novela *La burla negra*, de Xosé María Castroviejo (1955) (Linheira 2018). Neste grupo, (formado por ata 250 colectivos, dos cales o 24% eran de tipo cultural, constituíndo así a maioría) artistas, escritores, músicos, actores e persoas de todos os campos da cultura xuntáronse para loitar contra o fuel (Lourido s/d).

3 Coñecida tanto polo nome de Plataforma contra a Burla Negra como simplemente Burla Negra.

Algunhas das características principais que poden definir a actividade desta plataforma son: unha acumulación, no primeiro período da crise política do *Prestige*, de propostas de proxectos de base artística e cultural das cales unha importante porcentaxe non puideron levarse á práctica; certa tendencia á descentralización nos espazos de intervención, xa que os eventos non só tiñan lugar nas zonas máis afectadas pola catástrofe (Laxe, Muxía, Corcubión, etc.), senón que moitos se realizaron nas principais cidades galegas, escenario recorrente das grandes manifestacións, en parte, debido a que é alí onde están situadas as sedes das institucións responsábeis da nefasta xestión do afundimento; e tampouco podemos ignorar a importancia que tivo internet como canle de información e incluso na creación e desenvolvemento deste movemento (Lourido s/d: 9).

Los correos electrónicos y los medios de comunicación en internet fueron el principal canal de difusión de la convocatoria urgente firmada por Luís Bará (concejal de Cultura de Pontevedra por el BNG), Alberte Momán Naval (miembro de las Redes Escarlata), Sechu Sende (directivo de la Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (sic)), Paula Ríos (del Colectivo Bambán) y Rafa Villar (de la Asociación de Escritores en Lingua Galega) [...]. En sus mensajes llamaban a una marea solidaria contra la marea negra y convocaban a «persoas e colectivos que traballan no noso país no ámbito da cultura» a encontrarse el lunes 25 de noviembre, seis días después del hundimiento, en Compostela [...]. El encuentro estaba fijado en el Auditorio de Galicia y al mismo acudieron, a pesar de las prisas, alrededor de cien personas de los más diversos ámbitos del arte y la cultura: músicos, actores, escritoras, artistas plásticos o miembros de asociaciones de base. Comenzado el debate, todas las propuestas coincidían en la necesidad de

unificar esfuerzos y de crear una manera estable de organización que permitiera coordinar y desarrollar todo tipo de iniciativas solidarias (Linheira 2018: 63-64).

Malia isto, o máis característico deste grupo é que o traballo dentro desta plataforma é sempre colaborativo. Se falamos da parte cultural e estética, atopámonos coa participación de persoas moi diferentes en canto aos seus capitais culturais e recoñecementos artísticos dentro dos seus campos de actuación. Isto convértese nunha combinación única entre artistas consagrados e persoas apenas integradas como autores ou activistas (interesados na liberdade de expresión, na capacidade de intervención política a través de repertorios artísticos ou na presenza dos sectores culturais na campaña de movementos contra acontecementos deste tipo) que servirá como modelo a outros grupos colectivos consolidados neste mesmo período como: as *Redes Escarlata*, fronte cultural do partido político Frente Popular Galega; o *Colectivo Chapapote*, que agrupaba a persoas do ámbito da creación gráfica; e o grupo *Mares de Tinta*, integrado por funcionarios da Universidade de Santiago de Compostela e que organizaba semanalmente lecturas públicas de textos literarios, xornalísticos, políticos, históricos etc. (Lourido s/d).

As prácticas e os repertorios poéticos aproxímanse á loita social ata o punto de facer que nos cuestionemos o propio concepto de poesía e é que este xénero constituíu un nutriente indispensable da política de movemento e funcionou segundo os principios de innovación repertorial e de apropiación, resignificación ou descarte de modelos precedentes. Ese novo ambiente propiciou a creación de diversos libros con participación dun número moi elevado de poetas, en que ás veces estaba tamén presente a colaboración con artistas plásticos xa que “a aliaxe coas artes plásticas funciona tamén como un procedemento de autenticación, baseado na forza deíctica dos testemuños visuais (*Botella ao mar, Sempre mar, Nunca Máis. Si tots nosaltres som la mirada i el vent*”) (Rábade 2004: 119).

2. Estado da cuestión

2.1. O subsistema da poesía galega nos primeiros anos do século XXI

Co inicio do século XXI, o mundo editorial declarou que estaba a vivir un tempo de profunda crise en que as vendas baixaban, a publicación de poesía estaba estancada e a falta de público era unha realidade. Eran os propios autores, tanto de poesía como de narrativa, os que se preguntaban se o público para o que escribían existía de verdade ou non (González 2003). A resposta a esta situación literaria crítica foi a proposta de innovacións, “tiveron lugar importantes cambios nas coleccións de poesía, que, así e todo, compartiron unha estratexia común na procura de novo público: chegar ao lector enciclopédico e siareiro e captar ao público máis novo” (González 2003:122). Polo tanto, nestes anos salienta a proliferación de obras reunidas e de antoloxías dos autores clásicos, o que dá pé a falar dun exceso de institucionalización que pode marcar a recepción, xa que os lectores len máis sobre o pasado que sobre o presente. Alén disto, estamos nun momento de mudanzas na poesía galega:

A presenza das mulleres, a narratividade, a cada vez menor presenza do verso medido, o protagonismo do mar seguen a ser as características da poesía de comezos do século XXI. Fóra diso, os anos 2002 e 2003 son épocas de cambio e de manipulación da poesía no laboratorio. Os que escriben poesía din que algo está a mudar (González 2003: 122).

A propósito deste traballo, merece ser destacado o fenómeno das obras reunidas, moi frecuentes nestes dous anos (2002 e 2003), que tiñan unha importante implicación no proceso de canonización de autores relativamente novos e das súas poética. Algúns exemplos poden ser: *n'As cidades mergulladas* de Xosé Miranda ou *Vinte cadernos. Poemas 1969-2002* de

Darío Xohán Cabana. Este tipo de coleccións triunfaron no mercado, xa que as persoas que non adoitan ler tenden a preferir a escolma ou as obras reunidas para a lectura enciclopédica como modo de iniciación e a antoloxía convértese neste instrumento (González 2003: 116).

Seguindo a proposta de Isaac Lourido (2008) de sinalar unha serie de nodos en torno aos cales se dispón a actividade poética galega de finais do século XX e comezos do XXI, podemos clasificar as creacións da época en catro temas principais. O primeiro dos cales é a reconfiguración do imaxinario literario galego, tarefa en que destacou o traballo do colectivo de intervención poética Redes Escarlata, o cal reivindicaba o maxisterio de Méndez Ferrín e a súa concepción vangardista da práctica literaria. Empéñanse na creación dun imaxinario autónomo para a poesía galega, apoiándose nunha actitude de intervención e pensamento adaptada á posición política de esquerdas en que conflúen as reivindicacións nacionais, de clase e antipatriarcais. Dentro deste colectivo debemos destacar figuras como Chus Pato, Xavier Cordal, Antón L. Dobao, Anxo Angueira, Darío Xohán Cabana, Antón Lopo e outros autores como Manuel Outeiriño, Daniel Salgado, María do Cebreiro, Oriana Méndez, Raida Rodríguez ou Mario Regueira, que crearon iniciativas afíns ás de este grupo (Lourido 2008: 5-6).

Outro tema a destacar nestes dous primeiros anos de século sería o xénero e a identidade sexual, que dá lugar a varias poéticas fundadoras dunha poesía cortada polo feminismo, e representa un tipo de modernidade polo que apostan autoras como Lupe Gómez, Olga Novo, Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Emma Couceiro, Xiana Arias Rego, Marilar Alexandre, Lucía Novas, Lucía Aldao, Antía Otero ou Olalla Cociña. A súa escrita converteuse nunha estratexia de mercado pouco frecuente a pesar de que dentro desta “categoría” é posíbel atopar escritos moi variados, mesmo opostos ideoloxicamente.

A linguaxe literaria era un tema que tamén preocupaba a moitos autores como Xavier Rodríguez Baixeras, Xulio L. Valcárcel, Manuel Vilanova ou Darío Xohán Cabana, que optaron por unha escritura libre de recursos retóricos e máis contida no ámbito expresivo. “Es una orientación estilística que encuentra consonancia casi siempre con un acercamiento temático a la dimensión ontológica de la existencia, normalmente a través de la memoria y de la consciencia del paso del tiempo” (Lourido 2008: 7).

Finalmente, moitos escritores como Carlos Quiroga, Celso Álvarez Caccamo, Mário J. Herrero Valeiro, Igor Lugris, Ramiro Vidal, Marcos Abalde ou Carlos G. Figueiras seguían crendo no proxecto reintegracionista e optaron por falar sobre o conflito normativo, a pesar de que os partidarios da normativa oficial intentaron clausurar este debate coa aprobación da *Lei de Normalización Lingüística* en 1983. O principal problema deste sector é a súa situación relegada e os problemas que ten para alcanzar certos niveis de visibilidade no panorama literario, dentro do cal debemos destacar a revista *Agália*⁴.

Finalmente, como indica Yolanda Castaño, podemos resumir os trazos comúns á poesía deste período dicindo que incorpora unha nova poética “non lírica” en que a voz que fala gaña matices ao abandonar a habitual configuración monolóxica. Ademais, o autor é testemuña do seu tempo e é plenamente consciente da situación do mundo, non teme enfrontarse a esta realidade nin evadirse o que motiva a reaparición da función de intervención socio-política da poesía como discurso de poder. Deste modo, este xénero logra rachar os moldes discursivos e procura novas canles (Castaño s/d).

4 Alberto Paz Félix (2019) realizou unha análise da poesía galega publicada entre 1985 e 2009 na revista *Agália*, centrándose nos repertorios e no proceso de canonización, co fin de describir e analizar a súa posición no subsistema poético galego de finais do século XX e principios do XXI.

2.2. A influencia do *Prestige* na creación literaria: o caso da produción poética

Como xa se comentou anteriormente, nos anos posteriores ao accidente do *Prestige* os autores galegos empregaron a literatura como forma de reivindicación e protesta, e a catástrofe tivo certa incidencia dentro de diversos xéneros. Por unha banda, se falamos de narrativa cabe dicir que foi un dos xéneros menos empregados con este propósito. Dentro das novelas relacionadas coas loitas sociais en torno a época do Nunca Máis, é preciso mencionar aquelas que falan da resistencia ao Estado, como a gañadora no 2004 do XXII Premio Blanco Amor⁵, *Orixé* (2004) de Séchu Sende, obra distópica, innovadora e comprometida coa sociedade e o ecoloxismo publicada por Galaxia, da que podemos destacar a súa proximidade ao mundo real e ao afundimento do petroleiro. Continuando coa temática ecoloxista, o compromiso coa sociedade e o trauma colectivo que supuxo a traxedia xa mencionada, podemos citar a obra publicada por Xerais de Rosa Aneiros *Veú visitarme o mar* (2004), que ten como tema central a loita en primeira persoa contra o desastre do *Prestige* e en que se fala de xeito detallado e explícito sobre este suceso; e finalmente, *O corvo de chapapote* (2003), que é un relato longo de Luís Rei Núñez.

Por outra banda, a revisión da poesía nos dous primeiros anos do século XXI e a explicación da aparición de diversos colectivos a raíz do afundimento do *Prestige*, combinada coa atención aos repertorios e á situación socio-política, permítenos facer un estudo máis concreto deste xénero literario nos movementos sociais galegos deste século, entendendo como tema principal sempre este desastre ecolóxico do que derivou unha mudanza profunda de valores e referentes culturais, literarios e poéticos (Casas 2003: 25).

5 Este premio foi proposto por un xurado formado por Santiago Jaureguizar, Inma López Silva, Francisco Martínez Bouzas, Xosé Monteagudo e Manuel Quintáns Suárez.

En 2002, o afundimento do petroleiro condicionou e alterou toda a actividade cultural de Galicia, e a poesía non foi menos. Este ano e o seguinte foron unha época de grande actividade pública vencellada ás mobilizacións contra a marea negra. Como foi comentado anteriormente, as editoriais sufriron notables cambios xa que a crise que preocupaba o sector dende comezo de século foi paliándose na segunda metade de 2003 coa posta en marcha de novas coleccións e estratexias, a publicación de títulos inéditos e a aparición de novos autores. Centrándonos máis detidamente na produción poética, que é o obxecto de estudo deste traballo, cabe dicir que aínda que é ben certo que non abundan as publicacións de libros individuais de poesía vinculados de maneira directa co suceso do que estamos a falar, este xénero si estivo ligado ao movemento social do Nunca Máis e constituíu un vector de intervención moi significativo.

Alén dos textos dispersos en publicacións periódicas e da integración puntual desta catástrofe ecolóxica nos repertorios de poéticas ligadas á simboloxía do mar (moi recorrentes durante estes anos), como é o caso de Rafa Villar, o posicionamento público dos poetas na crise política que xurdiu a raíz do naufraxio encontrou unha canle de difusión específica nun conxunto de antoloxías publicadas naquela altura. Como apunta María do Cebreiro Rábade Villar (2004) no seu libro *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña representación poética e ficción lóxica*:

O uso das estratexias informativas adquire implicacións moi interesantes nas antoloxías que, desde a súa mesma concepción, se reivindicán como intervencións poéticas no espazo público. Aquí a forza de autenticación non funciona só como un efecto de lectura derivado da orde textual ou das disposicións paratextuais, senón como unha condición pragmática de esixencia á obra dunha determinada

función social. Así ocorreu nas numerosas publicacións colectivas que intentaron articular unha resposta poética á catástrofe do *Prestige* (Rábade 2004: 118-119).

Ao falar da poesía desta época é vital facer mención ás diversas publicacións solidarias feitas con motivo da marea negra, o desastre que, sen dúbida, máis conmoveu a sociedade galega e que propiciou innumerábeis redes creativas de concienciación e denuncia. O Nunca Máis ofrece perspectivas moi interesantes para a análise deste tipo de obras, xa que supuxo un cambio nos movementos sociais galegos na contemporaneidade e os poetas integran a poesía no traballo activista dos movementos sociais. De entre todas estas recompilacións de poesía galega en defensa da dignidade do pobo galego e contra a incompetencia das autoridades gobernamentais, que obviamente xiran en torno a este movemento social, cabe destacar: en primeiro lugar, *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da Marea Negra* (2003), obra publicada en conxunto pola Asociación de Escritores/as en Lingua Galega AELG e A Nosa Terra; *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003), volume publicado por Espiral Maior e Xerais en que tamén participou a Federación de Libreiros de Galicia; a antoloxía *Sempre Mar. Cultura contra a burla negra* (2003), levada ao mercado pola Asociación Benito Soto e a Plataforma Burla Negra; *Botella ao mar* (2003) da Asociación Galega de Artistas Visuais; *Nunca Máis/Mai Més. Els escriptors contra el silenci* (2003) coordinada por Xulio Ricardo Trigo; e finalmente tamén é significativa a publicación de obras colectivas como *Nunca Máis. Si tots nosaltres som la mirada i el vent* (2003), editada e publicada pola Plataforma Nunca Máis de Catalunya e que contén textos en galego, castelán e catalán de case todos o xéneros poéticos escritos por máis de sesenta autores de procedencias e niveis de consagración moi diversos.

Encontramos nela vozes tão reconhecidas no âmbito internacional como o escritor Manuel Vázquez Montalbán e os músicos Manu Chao e Joan Manuel Serrat a conviverem no mesmo espaço com uma multiplicidade de escritas inéditas e amadoras, em boa medida representantes do lóxico de inclusión e agregación que nutriu o movemento (Lourido s/d: 12).

Estas antoloxías son a proba das indagacións no soporte, na comunicación permanente entre creadores, no compromiso coa realidade e coa nación e coa complicidade cos lectores. “A partir deste momento, publicacións colectivas tanto desde fóra de Galicia, como desde dentro, viñeron ilustrando ata que punto as formas de compilación satisfán as demandas inmediatas de intervención artística colectiva ante feitos puntuais” (Rábade 2004: 119). As redes das que falamos anteriormente neste traballo conforman un dos fenómenos máis singulares do percorrido cultural do século XXI, pois é difícil que se volva repetir este estado de creación crítica e colectiva mantida durante tantos meses, en que o máis interesante non son os libros senón as innumerábeis accións e intervencións que mantiveron a cultura galega nunha actividade infatigábel e que chegou a toda Galicia (González 2003:118).

Da análise de todo o dito anteriormente podemos concluír que os poetas galegos tiveron un importante papel dentro do proceso de mobilización social descrito e que souberon adaptarse ás circunstancias. Proba disto son todas as recompilacións mencionadas anteriormente, das cales *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da Marea Negra* (Aleixandre et alii 2003) e *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (Asociación de Escritores en Lingua Galega 2003)⁶ serán analizadas a continuación neste

6 Por economía expresiva, a partir de agora referirémonos a estas antoloxías simplemente como *Alma de beiramar* (2003) e *Negra sombra* (2003).

traballo por seren as antoloxías poéticas, exclusivamente galegas que atinxiron maior recoñecemento no sistema literario dentro deste contexto de intervención.

3. Estudo empírico e análise das antoloxías *Alma de beiramar* e *Negra sombra*

Como xa adiantabamos na introdución, o obxecto de estudo deste traballo son dúas das antoloxías creadas a raíz dos movementos sociais e culturais que desencadeou o afundimento do *Prestige* e a pésima resposta política ante este suceso. Por unha banda, *Alma de beiramar* (2003) é unha obra publicada en conxunto pola AELG e A Nosa Terra⁷ que recolle 91 textos poéticos, narrativos e ensaísticos escritos por un total de 61 autores e autoras. Os beneficios obtidos das vendas desta edición foron destinados á Plataforma Nunca Máis. Por outra banda, *Negra sombra* (2003) foi publicada por Espiral Maior⁸ e Xerais⁹, contou tamén coa participación da Federación de Libreiros de Galicia e recopila 127 textos de 106 escritores e escritoras diferentes.


Para realizar a análise destas dúas antoloxías, é preciso ter en conta a distribución dos diversos textos segundo os xéneros literarios, tanto no seu total como en cada unha das escolmas por separado. Traballamos cun total de 218 textos dos cales 176 son poéticos, 27 narrativos e 15 ensaísticos. A antoloxía *Alma de beiramar* está composta por 91 escritos,

7 Foi unha empresa editora fundada en 1987 e que desapareceu en 2010. As súas coleccións cubrían varios campos e temáticas como: a historia, recuperación da memoria social, literatura, fotografía, viaxe, ensaio, infantil, divulgación científica, enciclopedia e texto escolar. Esta relacionada co xornal galego *A Nosa Terra*, a cal foi durante moitos anos a única publicación escrita integramente en galego e, en xeral, mantivo no campo da comunicación unha clara correspondencia coas posicións políticas do nacionalismo galego.

8 Editorial galega fundada en 1991 e dirixida polo poeta Miguel Anxo Fernán-Vello. A súa actividade principal é a edición de poesía, xénero do que leva editados máis de douscentos títulos. Conta co seu propio certame, o Premio Espiral Maior de Poesía.

9 Editorial galega fundada en 1979 en Vigo, forma parte do grupo Anaya dende 1988. Publica fundamentalmente libros en galego de todos os xéneros literarios, libros de texto, divulgacións e conta con dous dicionarios. É unha das editoras máis consolidadas e potentes en canto a número de publicacións.

predominando o xénero poético con 51 composicións, 22 documentos narrativos e 12 ensaios. No caso do libro *Negra sombra* contamos cunha suma de 127 textos, dos que 119 son de poesía, 5 de narrativa e só 3 de ensaio.



Neste caso, os resultados eran completamente previsíbeis xa que ao estar traballando con dúas antoloxías poéticas xa asumimos que este xénero vai destacar notabelmente. A presenza de textos narrativos en comparación aos poéticos é moi escasa e o número de ensaios é aínda menor chegando a pasar case desapercibidos na antoloxía *Negra sombra*, que só conta con tres exemplos.

3.1. Metodoloxía: Presentación e descrición xeral da base de datos

Antes de comezar a análise, que será a parte central deste traballo, é vital presentar de maneira pormenorizada a base de datos creada como ferramenta de soporte e fonte de información para satisfacer o terceiro obxectivo, é dicir, un coñecemento empírico e máis sistemático. O procedemento para a creación desta ferramenta consiste na lectura pormenorizada de cada un dos textos presentes nestes dous corpus e a posterior extracción e abstracción de datos xerais

de cada un dos autores e autoras e de categorías repertoriais coas que se creou esta base de datos.

Esta base está composta por tres táboas¹⁰ interrelacionadas creadas, debido á súa facilidade de uso, co soporte informático dunha folla de cálculo de Libre Office Calc. Cada unha destas táboas está colocada nunha folla de cálculo diferente. A primeira delas recibe o nome de “básica” e a información presente nesta pode dividirse en dúas partes que comprenden a totalidade dos datos relacionados cos axentes participantes e cos textos. A primeira parte corresponde coa información relacionada cos autores e autoras, onde podemos visualizar unha primeira columna cos seus nomes e apelidos. Dado que a información que máis nos interesa desta folla son os repertorios dos que falaremos nos próximos parágrafos, optamos por crear unha fila por cada texto en lugar de por cada autor, así que é posíbel que un autor apareza repetido varias veces cando atopamos máis dun texto da súa autoría. Tamén é probábel que un mesmo escritor ou escritora figure cunha pequena variación no seu nome dependendo da antoloxía, xa que para a creación da táboa tomamos o nome que aparece indicado en cada un destes volumes.

A continuación colocamos unha segunda columna en que se indica o xénero da persoa nomeada (home ou muller) e unha terceira en que anotamos a súa nacionalidade. Debemos explicar que o campo de nacionalidade corresponde máis ben á súa nacionalidade literaria, é dicir, á lingua que empregan para as súas creacións e, polo tanto, o sistema literario en que se integran. Por isto, todos os participantes destas antoloxías figuran como galegos, aínda que isto non quere dicir que o sexan. Este campo foi habilitado para detectar a presenza de autores

10 Todas as táboas correspondentes a esta base de datos están dispoñíbeis na seguinte ligazón: https://udcgal-my.sharepoint.com/:x/g/personal/noelia_carreira_bocelo_udc_es/EQIZwNc8_tVGtm75Kd6HUxwB5-sYfIUlsmo5qS2W90wgoQ?e=Za2YCL

externos ao sistema literario galego e de textos traducidos, o cal non acontece, polo que os datos extraídos terán un peso moi escaso na análise.

Para rematar cos datos persoais destes escritores e escritoras, temos unha columna en que figura o seu ano de nacemento e outra coa consagración literaria que tiñan no momento en que foron publicadas as dúas antoloxías estudadas, é dicir, no ano 2003. Clasificamos o seu nivel de consagración en “alta”, “media”, “baixa” ou “nula” dependendo dos resultados da terceira folla de cálculo, destinada exclusivamente a obter os datos pertinentes para poder encher esta columna.

En segundo lugar, temos a parte que corresponde coa información relacionada coas antoloxías e cada un dos textos presentes nestas. Comezamos pois sinalando nunha primeira columna e mediante un código (“Almabeiramar” ou “Negrasombra”) a que volume pertence cada texto, seguido dunha clasificación segundo o xénero literario (poesía, narrativa ou ensaio¹¹). En terceiro lugar, colocamos unha columna co título de cada un dos textos, indicando entre corchetes o primeiro verso ou liña (dependendo do xénero) no caso das composicións que non teñen título explícito. A seguir, indícase a datación explícita destes escritos en formato mes e ano, no caso de que coñezamos esta información, seguido do número de páxinas en que podemos atopar o documento dentro da antoloxía correspondente.

A continuación está colocada a parte máis interesante desta táboa, isto é, os repertorios temáticos principais e secundarios de cada un dos textos poéticos. Ao contrario que nas columnas anteriores, nesta parte só nos interesa coñecer cales son os temas presentes nos poemas, posto que este xénero é o obxecto de estudo deste traballo. Dada a ampla variedade de temas tratados en gran parte das composicións, determinamos que o máis adecuado era

11 Dentro do xénero ensaístico incluíronse textos de tipoloxía moi variada, como artigos de opinión, crónicas xornalística, reflexións filosóficas etc. Os resultados obtidos sobre a distribución por xéneros en cada antoloxía foron xa presentados no inicio deste capítulo.

limitar a catro o número máximo tanto de repertorios principais como de secundarios; polo tanto, contamos con catro columnas para os temas máis destacábeis e outras catro para aqueles cunha relevancia máis secundaria no conxunto de cada composición. Obviamente non é preciso encher todos e cada un dos ocos, só os que o poema requira, sendo posíbel que nalgún caso exista un único repertorio principal, non exista ningún repertorio secundario ou, pola contra, teñamos que ocupar todas as columnas. Os repertorios e as descrições dos mesmos figuran na segunda folla da base de datos, da que falaremos pormenorizadamente nesta mesma sección.

Finalmente, esta primeira táboa remata cunha sección nomeada “notas” que está destinado á información extra que podemos atopar sobre os poemas mais que non encaixa en ningunha das columnas anteriormente mencionadas como poderían ser: o volume do que está tomado algún poema publicado antes da creación destas escolmas, se un texto estaba inédito, o lugar en que se compuxo, se é o limiar dalgunha das antoloxías, información complementar sobre o autor, se se trata dunha homenaxe a algún persoeiro, ante que tipo de poema nos atopamos etc. É dicir, tratase dun conxunto de información extraídas das propias composicións ou dos peritextos (lemas, dedicatorias, notas etc.) que as acompañan.¹²

Retomando o falado anteriormente, pasamos a explicar a segunda folla da base de datos, nomeada “repertorios”. Esta táboa consta de catro columnas: unha primeira en que se indican os macrorepertorios dentro dos cales colocaremos unha serie de repertorios máis concretos enumerados na seguinte columna; a terceira está destinada ao código de cada un deses repertorios concretos que será de grande utilidade para encher a primeira folla da que xa

12 Outro elemento de categorización interesante tería sido o da normativa ortográfica usada nestas composicións. Este revelouse pouco operativo, dado que non encontramos ningún texto que seguise as opcións reintegracionistas, o cal parece vir a confirmar as teses de marxinalización desta opción concluídas no estudo de Paz Félix (2019).

falamos anteriormente; finalmente, describiremos cada un destes temas na última columna desta folla de cálculo. Partimos dunha listaxe inicial de repertorios, tendo en conta a hipótese de partida, mais que foi preciso completar con repertorios diferentes identificados nos poemas e, ao contrario, tamén foron eliminadas algunhas categorías repertoriais que non foron rexistradas nas composicións. Polo tanto, contamos cun total de sete temas dentro dos cales colocamos varios máis concretos.

Crítica política	Reivindicación	Acontecemento	Natureza	Galicia	Sector produtivo	Experiencia
gobierno medios comunicación capitalismo	xustiza social verdade nacionalismo galego Nunca Máis Burla Negra	naufraxio marea negra voluntariado contaminación	mar animais paisaxe	historia identidade tradición literaria lingua	Pesca e marisqueo Traballadores/as	Amor Sexualidade Corpo Dor

Como xa adiantamos na introdución deste traballo, o que esperamos atopar nestes textos é unha intención crítica e reivindicativa, por isto non é de estrañar que o primeiro grupo de temas sexa a “crítica política”, dentro do que atopamos a crítica ao “gobierno” aos “medios de comunicación” e ao “capitalismo”. En segundo lugar, colocamos o macrorepertorio de “reivindicación” cos seus correspondentes subtemas “xustiza social”, “verdade”, “nacionalismo galego”, “Nunca Máis” e “Burla Negra”. Tamén é importante ter en conta que estes volumes apareceron con motivo do afundimento do buque *Prestige* e polo tanto un dos temas centrais para os/as poetas é este “acontecemento”, máis concretamente o propio “naufraxio”, a “marea negra”, o “voluntariado” e a “contaminación”. Os textos falan tamén sobre a “natureza”, poñendo a beleza do “mar”, os “animais” e a “paisaxe” en contraste coas consecuencias deste desastre ecolóxico que afectou moi negativamente ao “sector produtivo”, concretamente á “pesca e marisqueo” e aos “traballadores/as”. Aínda que ao longo deste traballo imos falar máis detalladamente sobre isto, paga a pena adiantar que existe un forte

vínculo entre o movemento Nunca Máis, os/as participantes destes volumes e o nacionalismo galego, por iso está presente tamén como tema “Galicia”, a súa “historia”, “identidade”, “tradición literaria” e por suposto, a súa “lingua”. Finalmente, como xa sabemos, é habitual a identificación entre poesía e lírica, e como esta última tendeu a reducirse desde o Romantismo á expresión dunha sentimentalidade individual debemos definir un último macrorepertorio nomeado “experiencia” que inclúe o “amor”, a “sexualidade”, o “corpo” e a “dor”.

A terceira e última folla é a que corresponde coa consagración dos/as poetas presentes nas antoloxías *Alma de beiramar* e *Negra sombra*, moi importante para analizar posteriormente o nivel de canonización en 2003 de cada unha destas persoas. Esta parte límitase só aos autores e autoras que colaboran con textos poéticos, xa que son os que nos interesan debido ao propósito central deste traballo. A táboa consta dunha primeira columna en que aparecen ordenados alfabeticamente os nomes de todos/as os/as poetas dos que pretendemos analizar o seu nivel de consagración. O procedemento consiste en comprobar se estas persoas aparecen mencionadas ou contan cunha sección exclusiva en diferentes fontes bibliográficas que dividiremos en varios bloques. Estes materiais considéranse unha mostra representativa de índices de consagración que poden terse en conta para a época inmediatamente anterior ao 2003.

O primeiro bloque sería o nomeado “antoloxías” en que comprobamos cales destes escritores/as aparecen mencionados nos seguintes volumes: *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega* de César Morán (1999); *Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000)* de Arturo Casas (2003); e *Poetas Galegos do século XX* (2004) e *25 anos de poesía galega (1975-2000)* de Luciano Rodríguez (2002).

O segundo bloque recibe o nome de “obras historiográficas” e ao igual que no anterior examinamos varios manuais historiográficos e dicionarios. No caso da *Historia da Literatura*

Galega. A etapa contemporánea II de Miguel Mato Fondo (s/d) e da *Historia da Literatura Galega* de Dolores Vilavedra (1999) interésanos saber que escritores e escritoras aparecen mencionados como poetas. Mais no caso de “A poesía de fin de milenio: o reaxuste dos anos noventa” de Iris Cochón Otero (2001) e “A poesía de fin de milenio: os anos oitenta” de María Xesús Nogueira Pereira (2001), o que queremos saber é quen conta cunha sección específica. Finalmente, no caso do *Diccionario da literatura galega T. I: Autores* de Dolores Vilavedra (1995) o obxectivo é coñecer que escritores ou escritoras teñen unha entrada específica.

En terceiro lugar, consideramos un conxunto de artigos panorámicos en que unha vez máis imos prestar especial atención a que autores/as son mencionados nos seguintes textos académicos: “Paisaxe da última poesía galega” de Yolanda Castaño (2002) , “Poesía gallega desde 1975 hasta hoy: entre la palabra y la realidad” de Helena González Fernández (1998) e “A poesía galega actual. Algunhas notas, necesariamente provisionais, para un estado da cuestión” (2003) e “La poesía gallega actual: retrato de familia” de María Xesús Nogueira (2004). Unha vez revisados estes materiais, buscaremos que escritores/as dos que non aparecen mencionados en ningún dos volumes ou fontes anteriores teñen libros de poesía publicados antes do 2003.

Finalmente, unha vez enchidas as columnas anteriores, adxudicaremos unhas puntuacións concretas a cada bloque. Deste modo, cada “si” que teña cada autor/a terá un valor diferente dependendo da columna, a maior puntuación dun elemento sobre outros obedece a que se considera que ten unha maior capacidade de consagración: un “si” no bloque “antoloxías” equivale a cinco puntos, no caso do bloque “obras historiográficas” serían tres puntos, cada mención nun “artigo panorámico” sumaría un único punto. O número final de puntos por cada persoa colocárase nunha nova columna de “puntuacións” e finalmente farase unha

xerarquización dos autores en catro categorías que figurará na última columna, nomeada “consagración” e cuxos resultados serán copiados tamén na columna con este mesmo nome da primeira folla da base de datos. A consagración dividirase en: alta (25 puntos ou máis na suma de todos os índices de consagración), media (de 10 a 24 puntos), baixa (de 1 a 9 puntos) e nula (0 puntos).¹³

3.2. Caracterización e análise dos participantes


Nesta sección faremos unha selección sistematizada dos materiais relacionados co obxecto de estudo deste traballo, presentando o resultado dos datos filtrados a partir da información colocada na base de datos creada anteriormente. Para realizar esta selección de datos empregamos a ferramenta “filtros” do Libre Office Calc, a cal permite acceder aos datos restrinxidos que nos interesan. Aplicando isto as diversas columnas podemos obter resultados útiles en relación aos obxectivos iniciais marcados para este traballo.

3.2.1. Xénero

A continuación realizaremos a descrición e exposición dos datos tirados dunha serie de columnas concretas. Comezamos pola análise do xénero dos autores/as. A partir da folla básica podemos determinar que o número total de textos escritos por mulleres é de 62, atopamos concretamente 22 na antoloxía *Alma de beiramar* e os 40 restantes en *Negra sombra*. Dado que este traballo está centrado no xénero poético, é importante destacar que 54 dos 62 textos escritos por mulleres son poemas. Polo contrario, a cifra de achegas compostas por homes elévase a 155, repartidos 69 en *Alma de beiramar* e 86 en *Negra sombra*. Deste total, 122 son composicións poéticas.

¹³ A atribución de puntuacións e o establecemento das categorías de consagración mencionadas pretende só ter un valor referencial, non absoluto, que axude a ordenar e comprender mellor os datos incluídos na base.

Textos segundo o xénero do/a produtor/a




Analizando estes datos observamos que a presenza de escritores varóns é moito maior, chegando incluso a dobrar o número de mulleres presentes en ambas antoloxías. Malia isto, apreciamos que en proporción as mulleres achegaron unha maior cantidade de textos poéticos.

3.2.2. Ano de nacemento

Como xa comentamos previamente, nestes volumes podemos atopar escritores/as de diversos niveis de consagración mais tamén de idades moi variadas. Por isto, é interesante realizar varios filtrados que teñan como criterio o ano de nacemento. Ao igual que cos datos achegados nos dous parágrafos anteriores, temos en conta tanto o total como cada unha das antoloxías por separado. Polo tanto, dividimos os 116 autores en: aqueles nados en 1936 ou antes, que son 12 (7 en *Alma de beiramar* e 10 en *Negra sombra*); os 23 nados entre 1937 e 1950 (7 en *Alma de beiramar* e 19 en *Negra sombra*); unha maioría de 89 nados entre 1951 e 1975 (45 en *Alma de beiramar* e 69 en *Negra sombra*); e finalmente, as 8 persoas que naceron despois de 1976 (2 en *Alma de beiramar* e 8 en *Negra sombra*). Observando os datos anteriores vemos que a suma das cantidades correspondentes ás dúas antoloxías por separado

non coincide co total, isto débese a que hai numerosos autores, concretamente 90, que participaron en ambas escolmas. Cabe destacar o caso concreto de Antón Avilés de Taramancos, autor que xa estaba morto no momento da publicación destas antoloxías mais que viu como un dos seus poemas era incluído na antoloxía *Negra sombra*.



En relación a estes datos, debemos apuntar que predominan os autores e autoras nados entre 1951 e 1975, é dicir, xente que en 2003 tiña unha idade comprendida aproximadamente entre os 30 e os 50 anos. Seguidos dunha franxa de idade entre os 50 e os 70 anos, é dicir, os que naceron entre 1937 e 1950. A participación de autores máis maiores e máis novos é moito menor, o que nos pode levar a pensar que houbo certas limitacións para a integración das novas xeracións nestas dúas antoloxías, a pesar da forte presenza dos sectores xuvenís e estudantís no movemento Nunca Máis a nivel xeral.


3.2.3. Nivel de consagración

Finalmente, hai que prestar especial atención á parte da consagración dos autores que participan nestes volumes con composicións poéticas. Debemos ter en conta os datos que figuran tanto na folla específica para coñecer o total, como na folla básica para saber máis detalladamente os diversos niveis de consagración en cada unha das antoloxías. Deste xeito,

observamos que dun total de 116 poetas, só 15 teñen un nivel de consagración alto, 32 medio, 26 baixo e 43 nulo. Prestando atención a cada unha das antoloxías por separado, da escolma que forma o volume *Alma de beiramar*, 8 teñen consagración alta, 13 media, 11 baixa e 18 nula mentres que no caso de *Negra sombra* 14 están moi consagrados, 31 teñen un nivel medio, 22 baixo e 33 nulo. A lista completa dos autores participantes e dos respectivos niveis de consagración pode ser consultada no anexo a este traballo.

Podemos exemplificar estes datos con algúns casos concretos de poetas de cada nivel. Na categoría de consagración alta destacan por ter a puntuación máis alta Miguel Anxo Fernán-Vello e Xosé María Álvarez Cáccamo, que aparecen mencionados en todas as fontes empregadas a excepción da obra historiográfica “A poesía de fin de milenio: o reaxuste dos anos noventa” da obra de Iris Cochón Otero (2001). Dúas autoras que podemos pór como exemplo do nivel medio de consagración, como poetas, son: María Xosé Queizán, mencionada na antoloxía *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega* de Cesar Morán (1999), nas obras historiográficas de Iris Cochón (2001) e Dolores Vilavedra (1999), e nos artigos panorámicos de Yolanda Castaño (2002), Helena Gonzalez (1998) e María Xesús Nogueira (2003); e Yolanda Castaño que aparece nas antoloxías de César Moran (1999) e Luciano Rodriguez (2002), nas obras historiográficas de Iris Cochón (2001) e Dolores Vilavedra (1999) e en todos os artigos panorámicos menos o redactado por ela mesma. Finalmente, dous dos autores que podemos citar como exemplo de consagración máis baixa en 2003 son: Paco Souto, que é mencionado no artigo de Yolanda Castaño (2002) e María do Carme Kruckenberg, que só aparece no artigo panorámico de María Xesús Nogueira (2004).

Niveis de consagración



Os datos tirados desta filtración son sen dúbida dos máis interesantes, dado que nos informan sobre a predominancia dos escritores e escritoras cun nivel de consagración nulo, seguidos dos que teñen algo máis de recoñecemento. Mais neste caso os autores cun índice de consagración elevado están claramente en minoría. Se dividimos os catro graos de consagración en dous bloques, alto-medio e baixo-nulo, vemos como sigue predominando o número de poetas con pouco recoñecemento, mais a diferenza entre ambos grupos é moito inferior. Un dato bastante importante é que practicamente todos os poetas cun índice de consagración “nulo” teñen, polo menos, un libro de poesía publicado. Isto parece ser un indicio claro da existencia dun alto número de publicacións deste xénero que pasaron desapercibidas para a crítica e para outras instancias de consagración.

Finalmente, despois de contrastar as dúas antoloxías, *Alma de beiramar* (2003) e *Negra sombra* (2003), dende o punto de vista da consagración, observamos que a distribución entre os diferentes niveis é bastante similar tendo en conta que a primeira antoloxía conta con menos achegas que a segunda.

3.3. Descrición e análise dos repertorios temáticos

Nesta sección faremos unha análise detallada sobre a parte da base de datos correspondente aos repertorios temáticos filtrados, unha vez máis, coa ferramenta “filtros” do Libre Office Calc. Sobre esta parte interézanos especialmente coñecer cales son os repertorios principais e secundarios que predominan tanto no conxunto das dúas antoloxías como en cada unha delas de forma individual. Para complementar e introducir este aspecto, estudaremos previamente os sete macrorepertorios definidos nos apartados anteriores, centrándonos ao igual que no caso dos temas concretos, na maior ou menos frecuencia con que aparecen en cada unha destas escolmas e no seu total. Ao igual que todos os outros datos analizados, os relativos aos repertorios presentes en cada un dos poemas presentes nestas antoloxías, poden ser consultados na base de datos.¹⁴


3.3.1. Macrorepertorios

En primeiro lugar, filtramos os sete macrorepertorios obtendo como resultado que os máis frecuentes no conxunto das dúas escolmas son: “acontecemento” (177 mencións), “natureza” (158) e “reivindicación” (101), seguidos de “crítica política” (58), “experiencia” (40), “Galicia” (29) e finalmente “sector produtivo” (24). Se comparamos a presenza destes mesmos campos nos dous volumes observamos que nas antoloxías *Alma de beiramar* (2003) e *Negra sombra* (2003) predominan ao igual que nos resultados xerais “natureza”, “acontecemento” e “reivindicación”, a única diferenza é que nas composicións de *Alma de beiramar* aparecen con maior frecuencia os repertorios temáticos ligados á natureza, mentres

14 A base de datos está dispoñíbel na seguinte ligazón:

https://udcgal-my.sharepoint.com/:x/g/personal/noelia_carreira_bocelo_udc_es/EQIZwNc8_tVGtm75Kd6HUxwB5-sYfIUlsmo5qS2W90wgoQ?e=Za2YCL

que en *Negra sombra* predominan aqueles vinculados ao acontecemento histórico do afundimento do *Prestige* e das súas consecuencias.



Despois de analizar estes datos observamos que en ambas antoloxías predominan as composicións que falan sobre o propio afundimento do *Prestige*, a contaminación que supuxo a marea negra e a resposta social fronte a esta. Estes poetas relacionan tamén este suceso coa natureza, a cal se viu notabelmente alterada por este vertido, e empregan os seus escritos como forma de reivindicación e protesta en busca de xustiza. Os repertorios temáticos ligados á experiencia persoal teñen unha presenza superior, nas dúas antoloxías e no total, aos conxuntos macrorepertoriais dos sectores produtivos e de Galicia. Isto é relevante porque mostra que nun momento de grande enerxía política, os repertorios da subxectividade lírica teñen máis importancia que outros que, nun principio, parecían máis previsíbeis.


3.3.2. Repertorios principais

A continuación centrarémonos xa máis detalladamente nos repertorios concretos dentro de cada un dos macrorepertorios xa analizados. Como xa explicamos ao longo deste traballo debemos facer unha división entre repertorios principais e secundarios, dependendo do grao

de importancia que o autor ou autora lle dea a cada tema nos seus poemas. Para isto, observaremos en primeiro lugar os repertorios principais no seu conxunto e logo faremos unha comparación destes mesmos dentro de cada unha das escolmas.

Como podemos observar na táboa situada xusto debaixo, a orde dos repertorios de máis a menos frecuente é a seguinte: “acontecemento marea negra” (107 rexistros), “natureza mar”, “crítica política goberno”, “reivindicación Nunca Máis”, “sector produtivo pesca e marisqueo”, “acontecemento voluntariado”, “natureza paisaxe”, “experiencia dor”, “acontecemento naufraxio”, “reivindicación xustiza social”, “reivindicación verdade”, “reivindicación nacionalismo galego”, “crítica política capitalismo”, “natureza animais”, “sector produtivo traballadores/as”, “crítica política medios comunicación”, “acontecemento contaminación”, “Galicia identidade”, “Galicia tradición literaria”, “reivindicación Burla Negra”, “experiencia amor”, “experiencia sexualidade”, “Galicia lingua” e “Galicia historia” (un único rexistro). Polo tanto, podemos observar que os repertorios principais predominantes coinciden cos tres macrorepertorios máis frecuentes de que falamos antes: “natureza”, “acontecemento” e “reivindicación”.

Repertorios principais




Para comparar as dúas antoloxías podemos tomar como exemplo os cinco temas máis frecuentes. Deste xeito ambos volumes coinciden nos tres máis frecuentes, “acontecemento marea negra”, “natureza mar” e “crítica política goberno”, mais despois *Alma de beiramar* inclínase máis pola reivindicación da verdade e o Nunca Máis, mentres que *Negra sombra* conta con máis poemas centrados no voluntariado e no sector produtivo pesqueiro.

3.3.3. Repertorios secundarios

A seguir, faremos o mesmo que no apartado anterior mais neste caso cos repertorios secundarios. Polo tanto, segundo a táboa colocada a continuación, a orde de maior a menor frecuencia coa que se fala de certos temas no conxunto das dúas antoloxías é a seguinte: “natureza mar”, “natureza animais”, “sector produtivo pesca e marisqueo”, “reivindicación xustiza social”, “natureza paisaxe”, “experiencia dor”, “acontecemento naufraxio”, “reivindicación nacionalismo galego”, “reivindicación Nunca Máis”, “acontecemento marea negra”, “acontecemento voluntariado”, “acontecemento contaminación”, “Galicia identidade”, “crítica política goberno”, “reivindicación verdade”, “experiencia amor”, “Galicia tradición literaria”, “Galicia lingua”, “sector produtivo traballadores/as”, “crítica política medios comunicación”, “crítica política capitalismo”, “experiencia sexualidade” e “experiencia corpo”. Unha vez máis observamos a clara predominancia dos macrorepertorios máis frecuentados incluso nos repertorios secundarios. En comparación cos repertorios principais, os repertorios secundarios ligados ao acontecemento aparecen con menor frecuencia como repertorio secundario. Por outro lado, repertorios con presenza máis escasa no conxunto, como os ligados aos sectores produtivos, aumentan a súa frecuencia como repertorios secundarios, é dicir, subordinados case sempre a outros repertorios principais, nomeadamente os do acontecemento.

Repertorios secundarios



Ao comparar as dúas escolmas, tomando como exemplo os tres repertorios temáticos secundarios máis frecuentes observamos que en ambas predomina a presenza de composicións co tema “natureza mar” mais no caso de *Alma de beiramar* son máis comúns temas secundarios como “natureza paisaxe” e “experiencia dor” e en *Negra sombra* outros como “reivindicación xustiza social” ou “sector produtivo pesca e marisqueo”.

3.3.4. Análise de repertorios en varios poemas

Unha vez explicado todo o anterior, paga a pena engadir algún exemplo de poemas que conteñan varios repertorios e podan ilustrar a teoría xa exposta. A continuación, vou analizar brevemente tres poemas con variedade canto á antoloxía de procedencia, aos repertorios temáticos e ao xénero e nivel de consagración do autor/a.

O primeiro exemplo é o poema de Xosé Carlos Gómez Alfaro, autor catalogado cun nivel de consagración nula, engadido na antoloxía *Negra sombra* e titulado “Nunca Máis”. Ten como repertorios principais a crítica directa ao capitalismo e ao goberno aos que chama “piratas carniceiros”, “Deuses do capital” e “viles laceiros”. Tamén atopamos unha mención explícita ao suceso do *Prestige*, á marea negra e á contaminación que esta causou na paisaxe das zonas costeiras galegas, algunhas das cales menciona o autor nesta composición. Como indica o nome do propio poema, tamén fala do Nunca Máis e fai alusión a isto con expresións como “que nunca, nunca máis” ou engadindo a palabra “xamais”.

Nunca máis

Prometede, piratas carniceiros,
que nunca, nunca máis devastaredes
as brincadeiras augas e os luceiros
do noso mar que adoito percorredes.

Deuses do capital, viles laceiros,
xurade que xamais arrasaredes
estas praias e cons, estes abeiros,
ós que o Prestige segou as ás e as redes.

Antes había luz, música e vida
en Carnota, Fisterra e Camariñas;

en Muros, Corcubións, Mougás, Muxías...

E hoxe toda Galicia está dorida
por tanto chapapote e tantas tiñas
e mora na negrura e na agonía.

Xosé Carlos Gómez Alfaro (*Negra sombra*: 93)

En segundo lugar, foi seleccionado o poema “Dignidade” de Xela Arias, autora para a cal recoñecemos un nivel de consagración alta, engadido á antoloxía *Alma de beiramar*. Nesta achega a autora fala abertamente da marea negra, repertorio principal xunto ás mencións explícitas á Burla Negra e ao Nunca Máis. Como repertorios secundarios, sempre tendo presentes que son unha parte bastante central tamén desta composición, temos a crítica aos medio de comunicación e ao goberno.

Dignidade

Marea miseria invade global Galicia.
Colleita inepta de intereses financeiros.

Burla negra.

Oes o son mediático das novas nas casas,
a química diplomática na fiestra da praia.

Nunca máis.

“Mar de fondo, capitán”.
A velocidade do vento non é nada
se deciden as pantasma.

Never more, never more.

No lombo
a miseria do hábito domeado.
As maquinarias do acougo anotan
as lindezas dos conformes.

Burla negra. Nunca máis.

Intempériate, fogar dos rumorosos.
Pon prezo en castigo
á patética esperanza.
Nunca máis.
Velaí te-la estúpida batalla

Xela Arias (*Alma de beiramar*: 115)

Finalmente, podemos considerar que o poema “Mal debuxante” de Raúl Gómez Pato, autor catalogado cun nivel de consagración nula, incluído tamén na antoloxía *Alma de beiramar*, funciona moi ben como exemplo que inclúe os tres macrorepertorios máis comúns: “natureza”, “acontecemento” e “reivindicación”. O seu tema central é a crítica directa ao goberno que podemos observar con expresións como “este pésimo político”, “mal debuxante” ou co emprego do substantivo “tirano”. Ademais, fai alusión ao suceso do *Prestige* a través dese lapis que estraga o debuxo.

Mal debuxante

Esmorecente e case consumido,
Quixo debuxar o mar
Sobre un folio impoluto,
Para inmortalizar,
Coa súa sinatura,
O seu prestixio.
Pero crebóuselle o despótico lapis,
Liberando de súpeto
Un regueiro
De tinta odiosa
Sobre a paisaxe.
Mal debuxante,
Este pésimo político,
Que, como aquel tirano,
Tentou tocar a lira
Sobre as cinzas da súa patria.

Raúl Gómez Pato (*Alma de beiramar*: 94)

4. Conclusións

Este traballo consistiu nunha análise pormenorizada da poesía publicada en dúas antoloxías poéticas creadas a raíz do afundimento do *Prestige: Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da Marea Negra* (2003) e *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003). O traballo comezou cun encadramento histórico e cultural en que se explicou de forma sintetizada o suceso que tivo lugar en novembro de 2002 e a posterior mobilización cultural da man de plataformas como Nunca Máis e Burla Negra. A continuación, centrámonos no subsistema da poesía galega nos primeiros anos do século XXI e observamos como influíu este desastre ecolóxico na creación literaria, concretamente a poética, nos anos posteriores ao afundimento. Finalmente, realizamos un estudo empírico e unha análise destas dúas antoloxías baseándonos na información obtida da base de datos que elaboramos previamente como ferramenta para ter unha visión máis panorámica dos autores e achegas destas escolmas.

Para elaborar as conclusións retomaremos os obxectivos e hipóteses formuladas ao comezo deste traballo, comparando esas ideas iniciais cos resultados obtidos a través do estudo e a análise realizada ao longo de todo este documento. Determinamos que o obxectivo principal era estudar a organización e a función que desenvolveron as antoloxías poéticas *Alma de beiramar* (2003) e *Negra sombra* (2003), dentro do proceso de mobilización social e cultural do Movemento Nunca Máis. As antoloxías normalmente funcionan como instrumento de canonización mais, no caso destes dous volumes esa función é secundaria. Isto débese a que non existe ese criterio autorial, cronolóxico e formal; o único criterio que podemos contemplar, e non sempre, é o temático. Non existe unha verdadeira selección de autores, atopamos escritores e escritoras de todo tipo, de diferentes idades, que escriben en diversos xéneros literarios e, o que máis destaca, de diferentes niveis de consagración. Tendo isto en

conta, podemos afirmar que o acontecemento histórico do *Prestige* condiciona claramente a configuración destas antoloxías e a súa función. As prácticas e os repertorios poéticos aproxímanse á loita social, identitaria, ecolóxica e nacional ata o punto de facer que nos cuestionemos o propio concepto de poesía e a propia definición de antoloxía, entendida neste caso como simple suma de voces ou recompilación aberta de composicións, non sometida aos criterios de selección crítica ou de xerarquía propios dos sistemas literarios. Ademais disto, ao recoller escritores e escritoras de diferentes niveis, estes volumes axudan a dar a coñecer autores novos non consagrados en 2003, como Antonio García Teixeiro ou Luís Mejuto, poñéndoos en igualdade de condicións a outros máis recoñecidos como Xosé María Álvarez Cáccamo ou Pilar Pallarés.

Subordinados a este obxectivo principal xa resolto, engadimos unha serie de hipóteses máis específicas para as cales foi precisa a creación dunha ferramenta máis especializada que é a base de datos. A primeira destas hipóteses tiña a ver con esclarecer que autores e autoras participaron nestas escolmas, prestando especial atención ao seu nivel de consagración no campo literario galego en 2003. Nun inicio comentabamos que tendo en conta as características xerais da mobilización do Nunca Máis, o máis probábel sería que nestes volumes participasen escritores e escritoras de diversas idades, xeracións e niveis de consagracións, chegando incluso a predominar a presenza de textos creados por persoas de escaso ou nulo recoñecemento. Despois da análise realizada ao longo deste traballo a partir da base de datos, efectivamente podemos confirmar que predominan claramente os textos compostos por escritores/as cun índice de consagración nula, sendo tamén moi común a presenza de autores máis ou menos recoñecidos e relativamente escasas as achegas por parte de persoeiros altamente consagrados xa que os autores centrais son, por definición, poucos. É interesante facer notar, por outro lado, que teñen unha cabida moi escasa os autores nados

con posterioridade a 1976, polo que talvez sexa a idade un dos poucos factores que actuou como criterio de exclusión, non necesariamente consciente, nestas antoloxías. Debemos resaltar tamén a inexistencia de textos reintegracionistas e o feito de que practicamente todos os autores de consagración nula teñen polo menos un libro publicado.

O segundo obxectivo específico deste traballo consistía en coñecer que tipo de repertorios temáticos podemos atopar nos textos recopilados, especialmente nos poéticos. A hipótese de partida era que tendo en conta cales foron os aspectos dos que máis se falou durante a xa coñecida crise do *Prestige*, o máis probábel sería que predominasen os escritos cunha intención crítica ou ideolóxica, isto é, poemas sobre temas políticos ou ecolóxicos, sobre o propio afundimento do petroleiro, a marea negra e, obviamente, o propio Movemento Nunca Máis que foi o que impulsou a creación destas antoloxías. Unha vez analizados os datos da táboa correspondentes aos repertorios temáticos determinamos que os grupos temáticos máis frecuentes son efectivamente o propio suceso do *Prestige* e todo o que provocou, e a reivindicación. Ademais debemos engadir un terceiro grupo, que sería a natureza, moi presente nas composicións a través de poemas que falan sobre o mar, a paisaxe mariña ou os animais. Detectamos unha escasa presenza de repertorios en principio esperados como os dos “sectores produtivos” ou o de “Galicia”, e a relativa importancia dos repertorios da “experiencia” como repertorio secundario.

En terceiro lugar, determinamos que era preciso crear metodoloxías de traballo empírico empregadas para os estudo da consagración autorial nestas antoloxías, para analizar o funcionamento de repertorios poéticos en procesos de mobilización social como é o caso dos movementos e plataformas creadas a raíz do suceso do buque petroleiro *Prestige* e tamén para contrastar os resultados con estudos críticos precedentes. Co fin de resolver este obxectivo e obter datos máis verídicos e concretos, elaboramos a base de datos que presentamos e

analizamos ao longo deste traballo. Deste xeito, só fica por engadir que este tipo de metodoloxías sustentan un coñecemento máis sistemático e fiábel que permite superar o mero impresionismo dado que os resultados da análise, sintetizados nestas conclusións, non se corresponden de maneira precisa coas hipóteses formuladas e engaden numerosos matices que fan máis rico o coñecemento xerado. Ademais, consideramos a base de datos unha ferramenta potencialmente útil para futuros estudos relacionados con este campo.

Por último, valorizamos moi positivamente a experiencia formativa deste traballo, xa que facilitou a descuberta de novas técnicas de investigación e estudo descoñecidas previamente. Aprendemos a elaborar e usar adecuadamente unha base de datos para procurar e analizar información de carácter cuantitativo e cualitativo, a abstraer repertorios a partir dunha lectura detallada de textos de carácter literario e a clasificar as composicións poéticas segundo uns criterios concretos marcados previamente. Ademais da aprendizaxe de novas ferramentas, metodoloxías e procedementos de análise, tamén aumentamos o noso coñecemento do estado da cuestión sobre a poesía galega e o activismo social a inicios do século XXI, á vez que puxemos en práctica as técnicas e contidos desenvolvidos nalgunhas materias do Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade en que este traballo se insire.

Referencias bibliográficas

- Aleixandre, Marilar et alii (2003). *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra*. Vigo: Espiral Maior, Xerais, Federación de Libreiros de Galicia.
- Aneiros, Rosa (2004). *Veú visitarme o mar*. Vigo: Xerais.
- Asociación de Escritores en Lingua Galega (2003). *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*. Vigo: AELG, A Nosa Terra – Promocións Culturais Galegas.
- Casas, Arturo (ed.) (2003). *Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000)*. Lugo: Tris Tram.
- Castaño, Yolanda (s/d). “A poesía entre dous séculos. A primeira década do dous mil”. *Enciclopedia Historia da Literatura Galega. Asociación Socio-Pedagóxica Galega*.
Dispoñíbel en <http://literaturagalega.as-pg.gal/etapas/a-etapa-contemporanea-iii/a-primeira-decada-do-dous-mil> [consult. 21.04.2020].
- Castaño, Yolanda (2002). “Paisaxe da última poesía galega”. *Boletín Galego de Literatura*, 28, 214-224. Dispoñíbel en <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/200/> [consult. 27.05.2020].
- Cochón Otero, Iris (2001). “A poesía de fin de milenio: o reaxuste dos anos noventa”. En Villanueva Prieto, Darío (coord). *Galicia. Literatura. Tomo XXXIII – A Literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 365-417.
- Diz Otero, Isabel / Lois González, Marta (2005). “La reconstrucción de la sociedad civil en Galicia. La catástrofe del Prestige y el movimiento Nunca Más”, *Revista de Estudios Políticos*, 129, 255-280.
- Even-Zohar, Itamar (1990). “Polysystem Studies”. *Poetics Today*, 11, 1.

- González Fernández, Helena (1998). “Poesía gallega desde 1975 hasta hoy: entre la palabra y la realidad”. *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, 5, p. 263-276. Disponible en <http://revistas.uned.es/index.php/RLLCGV/article/view/5738/5465> [consult. 27.05.2020].
- González Fernández, Helena (2003). “A poesía nos anos 2002 e 2003. Sobre crises, autoras e unha certa tendencia á institucionalización”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*, 2003, 115-122.
- Huete, Cristina (2017). “Nunca Máis, el grito de rabia que cambió la percepción de un pueblo”. *El País*. Disponible en https://elpais.com/politica/2017/11/17/actualidad/1510955527_427999.html [consult. 15.03.2020].
- Linheira, Jorge (2018). *La cultura como reserva india: treinta y seis años de políticas culturales en Galicia*. Libros.com.
- Lourido Hermida, Isaac (s/d). “Agências, prácticas e repertórios poéticos nos movementos sociais galegos: Entre o Nunca Mais e o 15M”. Inédito.
- Lourido Hermida, Isaac (2011 [2008]). “La poesía gallega actual. Una visión panorámica”. *Galerna*: VI, 29-41. Reedición en [poesiagallega.org](http://www.poesiagallega.org). *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. Disponible en <http://www.poesiagallega.org/arquivo/ficha/f/52> [consult. 27.03.2020].
- Mato Fondo, Miguel (s/d). “A poesía actual”. *Historia da Literatura Galega. A etapa contemporánea II*. Disponible en <http://literaturagallega.as-pg.gal/etapas/a-etapa-contemporanea-ii> [consult. 26.05.2020].
- Morán, César (ed.) (1999). *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega*. Vigo: Xerais.

- Nogueira Pereira, María Xesús (2001). “A poesía de fin de milenio: os anos oitenta”. En Villanueva Prieto, Darío (coord). *Galicia. Literatura. Tomo XXXIII – A Literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 290-363.
- Nogueira, María Xesús (2003). “A poesía galega actual. Algunhas notas, necesariamente provisórias, para un estado da cuestión”. *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, 6, 85-97. Dispoñíbel en <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/MADR0303110085A> [consult. 27.05.2020].
- Nogueira, María Xesús (2004). “La poesía gallega actual: retrato de familia”. *Tropelías*, 15-17, 545-563. Dispoñíbel en <https://papiro.unizar.es/ojs/index.php/tropelias/article/view/26> [consult. 27.05.2020].
- Paz Félix, Alberto (2019). *Repertórios e canonização da poesía galega publicada na revista Agália (1985-2009)* (Traballo fin de grao). Universidade da Coruña. Dispoñíbel en <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/24652?show=full> [consult. 11.04.2020].
- Plataforma Nunca Máis de Catalunya (2003). *Nunca Máis. Si tots nosaltres som la mirada i el vent*. Barcelona: Asociación Nunca Máis de Catalunya.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2004). *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña: representación poética e ficción lóxica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Regueira, Mario (s/d). “A narrativa entre dous séculos. As loitas sociais na narrativa do século XXI”. *Enciclopedia Historia da Literatura Galega. Asociación Socio-Pedagóxica Galega*. Dispoñíbel en <http://literaturagalega.as-pg.gal/etapas/a-etapa-contemporanea-iii/as-loitas-sociais-na-narrativa-do-seculo-xxi> [consult. 15.03.2020].
- Rei Nuñez, Luís (2003). *O corvo de chapapote*. Vigo: A Nosa Terra.

Rodríguez, Luciano (ed.) (2002). *25 anos de poesía galega (1975-2000)*. A Coruña: La Voz de Galicia. 3 volumes.

Rodríguez, Luciano (ed.) (2004). *Poetas Galegos do século XX*. A Coruña: Espiral Maior.

Segunda, Concepción (2013). “La mancha de impunidad del *Prestige*”. *El Mundo*. Disponible en <https://www.elmundo.es/cronica/2013/11/17/5286ac8a0ab7401a508b457e.html> [consult. 14.03.2020].

Sende, Séchu (2014). *Orixe*. Vigo: Galaxia.

Ventoso, Luís (2002). “Siete días de noviembre”. *La Voz de Galicia. Ola negra*. 4-19.

Vilavedra, Dolores (1995). *Diccionario da literatura galega T. I: Autores*. Vigo: Editorial Galaxia.

Vilavedra, Dolores (1999). *Historia da Literatura Galega*. Vigo: Editorial Galaxia.

Anexo: Táboa de autores e nivel de consagración

Nivel de consagración alta
Antón Avilés de Taramancos
Bernardino Graña
Chus Pato
Claudio Rodríguez Fer
Luz Pozo Garza
Manuel Forcadela
Manuel María
Manuel Rivas
Miguel Anxo Fernán-Vello
Pilar Pallarés
Ramiro Fonte
Xavier Seoane
Xela Arias
Xosé Luís Méndez Ferrín
Xosé María Álvarez Cáccamo

Nivel de consagración media

Alfonso Pexegueiro

Alfonso Álvarez Cáccamo

Ana Romaní

Antón Reixa

Arcadio López-Casanova

Arturo Casas

Cesáreo Sánchez Iglesias

Darío Xohán Cabana

Emma Couceiro

Estevo Creus

Fermín Bouza Brey

Gonzalo Navaza

Helena de Carlos

Luisa Castro

Lupe Gómez

Luis González Tosar

Manuel Xosé Neira

Manuel Álvarez Torneiro

Marica Campo

Marta Dacosta
Martín Veiga
María Xosé Queizán
María do Cebreiro
Miro Villar
Olga Novo
Pura Vázquez
Rafa Villar
Román Raña Lama
Salvador García-Bodaño
Xabier Cordal
Xosé Antón López Dobao
Yolanda Castaño

Nivel de consagración baixa
Ana María Fernández
Antón Lopo
Anxo Angueira
Carlos Negro

Claudio Pato
Emma Pedreira
Francisco (Paco) Souto
Helena Villar Janeiro
Ignacio Chao
Isolda Santiago
Lois Diéguez
Luís Rei Núñez
Luísa Villalta
Manuel María Romón
Marilar Aleixandre
María Lado
María do Carme Kruckenberg
Miguel Sande
Millán Picouto
Modesto Fraga
Paulino Martínez Pereiro
Xavier Lama
Xesús Rábade Paredes
Xoán Xosé Fernández Abella

Xosé Ballesteros
Xosé Carlos Caneiro

Nivel de consagración nula
Adolfo Caamaño
Alexandre Nerium
Alexandre Ripoll Anta
Alfonso Armada
Antía Otero
Bieito Iglesias
Camilo Valdehorras
Domingo Tabuyo
Eduardo Estévez
Franck Meyer
Gloria Sánchez
Isidro Novo
Kiko Neves
Lucía Aldao
Lucía Novás

Maite Dono
Manuel Seixas
Manuel Vidal Villaverde
María Reimóndez Meilán
Medos Romero
Mónica Góñez
Olga Patiño Nogueira
Paco de Tano
Pilar Beiro
Raúl Gómez Pato
Rosa Méndez Fonte
Teresa Seara
Vicente Piñeiro González
Xabier Paz
Xerardo Quintiá
Xesús Alonso Montero
Xesús Franco
Xesús Pereiras
Xoán Abeleira
Xoán Carlos Domínguez Alberte

Xoán Neira
Xosé Abeal
Xosé Carlos Gómez Alfaro
Xosé Estévez
Xosé Leira López
Xosé Manuel Cairo Antelo
Xosé Manuel Moo
Xosé María Dobarro